



Boas Práticas CEIP Luís Seoane



SOMOS UN CEIP UBICADO EN MERA- OLEIROS
TEMOS UN PROXECTO EN PLENO DESENVOLVEMENTO
SOBRE BOAS PRÁCTICAS



Fixémonos moitas
preguntas...

Por onde comezamos?
Que consultamos?
Que queremos?



**Revisamos
lexislación**

**Revisamos
o noso
Plan de
Convivencia**

**Buscamos
referentes
interesantes
como o CEIP
Zamakola-
Bilbao**



Quedámonos co esencial da lexislación
DECRETO 8/2015, de 8 de enero, polo que se desenvolve
a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e
participación da comunidade educativa en materia de
convivencia escolar.

A súa definición de Convivencia:

**A convivencia escolar é a capacidade que teñen as
persoas de vivir con outras nun marco de respecto
mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na
interrelación harmoniosa e sen violencia entre os
diferentes actores e estamentos da comunidade
educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha
aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e
transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade
compartida por toda a comunidade educativa.**



... e quedámonos...

- "... interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa."
 - "...responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa."
 - "...garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación"
 - "... resolución pacífica de conflitos e o fomento de valores".
- "A corresponsabilidade das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes..."



... e tamén

- "... non discriminación das persoas"
- "Prevencións de situacións de acoso escolar..."
- "... sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia."

POR TODO ISTO CREAMOS DIFERENTES GRUPOS



E. DE XOGOS

Dinamizan e
organizan o
patio.



E. SAUDADORES

Organizan as
entradas e
saúdannos
cada día



E. ACOLLEDORES

Lembran as
normas. Acollen
aos novos e
dannos pautas
sobre
relaxacións.



E. BOSQUE

Sensibilizan e
conciencian
sobre o coidado
da contorna.



que tanto
nos axuda a
dinamizar a
nosa bibl



E O XA
EXISTENTE

EQUIPO DE
BIBLIOTECA





Temos 5 grupos:

De alumnos
escolarizados en 5º e 6º
de primaria.

Cada grupo está
tutorizado por un mestre
como mínimo



Reunímonos

Cos nenos unha vez á
semana,
nalgúns recreos e ocos que
imos atopando...

Entre os mestres
encargados
o "intentamos" unha
vez ao mes.






Os nenos son
axentes activos



As relacións
fanse de igual a igual



Gañas por facer
algo
polos demais
e por si
mesmos



**Todos con algo en
común**



**Imos por
partes, ou
mellor... por
grupos**



Equipo de xogos



O equipo dinamizador de xogos xorde baixo a necesidade de promover un debate sobre a adecuación dos espazos de lecer para que cumpran unha necesidade educativa pois pensamos que a misión da escola é educar, e por suposto, educar no ocio.

¿Qué pretendemos?

- Organizar o patio para garantir un maior aproveitamento e goce do mesmo.
- Dotar de material lúdico a disposición do alumnado e custodiado por eles mesmos.
- Propor actividades e campionatos deportivos, actividades dirixidas, obradoiros...
- Crear novas áreas de xogo ou pintado cunha participación do alumnado

O noso punto de xogos.





Organizamos
o
patio.

Fixamos
quendas



Organizamos liguillas



brilé
futbolín



fútbol



Pintado de xogos no patio



O noso patio pinta así



E así...



Equipo de saudadores



Cando nos saudamos estamos establecendo lazos afectivos e sociais ademais de indicar o estado de ánimo co cal acudimos ao colexio, espazo onde interactuamos mínimo cinco horas. Para establecer normas de cortesía non basta con ditar regras é esencial motivar ao alumnado para que se empreguen sempre.

¿Qué pretendemos?

- Participar na organización das entradas do alumnado ás aulas.
 - Lembrar as datas de celebración especiais para o centro.
 - Crear un espazo para recordar os aniversarios do alumnado e profesorado
- Recibir cun saúdo aos compañeiros , familias e mestres cada mañá.

**Recíbennos
cada mañá e
marcan a orde
para subir
ás clases.**




**Tamén nas
subidas dos
recreos, nos
axudan**



**Adiantando
nos
os días
importantes**



**Crearán un
recuncho para
exponer os
nosos
aniversarios**



Equipo de Bosque



A creación do Equipo de bosque xorde da necesidade de fomentar entre o noso alumnado a sensibilidade polo mundo natural, en xeral, e o que temos no cole en particular. A educación medioambiental ten como principal obxectivo educar para coñecer e recoñecer as interaccións entre o que hai de natural e social no noso entorno e actuar nel.

¿Qué pretendemos?

- Campañas de sensibilización.
- Plantar sementes e fomentar o seu mantemento.
- Iniciarse na separación do lixo e uso do punto limpo no patio.
- Fomentar o uso de material de refugallo para o centro nas actividades e diversas celebracións.
- Promover campañas de sensibilización co medio ambiente.
- Recollida de información e identificación da biodiversidade presente no cole.
- Crear o hábito de baixar o papel desde as aulas ao final de semana.
- uso do punto limpo de reciclaxe

**Recollida
de lixo**



**Decoración
con material de
refugallo**



Organizar
charlas ou
exposicións
sobre temas
ecolóxicos



Equipo de Acolledores



A necesidade da creación deste grupo xorde da idea base de que todos os alumnado vivan e convivan nun entorno positivo, agradable e acolledor.

¿Qué pretendemos?

- Estabelecemento, difusión e concienciación das normas que favorezan as boas relacións interpersoais.
- Favorecer o labor de acompañamento do alumnado de incorporación tardía.
- A formación específica teórica e práctica en sinxelas e variadas técnicas de autoobservación, relaxación e recompilación destas como base de recursos a disposición do centro.

Reúnense



Sesiones de relaxación



CREATED USING
POWTOON



Equipo de biblioteca

Queremos unha biblioteca dinámica, que por suposto fomente a lectura entre o noso alumnado, pero tamén que a organización e o seu funcionamento forme parte da responsabilidade destes. Pensamos que a involucración dos nenos no seu uso, distribución, xestión e organización é unha forma máis de acercala ás súas vidas e tamén aproximala aos seus iguais



¿Qué pretendemos?

- Implicar ao alumnado na organización e funcionamento da biblioteca, facer rexistros, conservación de libros, empréstitos, devolucións...

Participar nas actividades de dinamización lectora propostas polo equipo de biblioteca do profesorado.

Involucrarse nas campañas temporais propias do colexio como a Semana da Concienciación do Autismo, Día das Letras Galegas, Día do Libro...

Participar na creación dun espazo agradable propio do club de biblioteca



Ordenan



Expoñen



Atenden aos
usuarios

Grazas ao Concello de Oleiros e a través de ASEDUC, formamos ao noso alumnado en Técnicas de Mediación

Temos moito traballo por facer, por iso facemos un PFPP

Esperamos podervos contar algo máis, moi cedo!



Activar Windows

Para activar Windows, ir a Configuración de Windows e activar Windows.

CREATED USING

POWTOON

powtoon



4:59/5:04

Grazas a todos
os compañeiros por “facer” e
“permitirnos facer”, en especial,
a Quique que foi o impulsor do
proxecto.